

## REGULAMENTO DEPORTIVO FORMULA RALLYE/MOTORSHOW

**Artigo 1.- XENERALIDADES.**

1.1.-A Federación Galega de Automobilismo, establece para o ano 2023, Un regulamento xeral para as probas do tipo Fórmula Rallye, Motor Show, Racing Show ou similar, permitindo soamente 4 probas deste tipo o longo do ano. Tendo que realizarse un máximo de 2 probas, antes do inicio da tempada do resto de campionatos galegos de Automobilismo e un máximo de 2 probas o remate dos mesmos.

1.2.- As Entidades Organizadoras deberán adoptar para cada proba as normas de organización, e seguridade establecidas polo Regulamento Xeral de Fórmula Rallye, da F.G. de A., e polo C.D.I.

1.3.- En cumprimento do estipulado para a aprobación dos regulamentos, as Entidades Organizadoras, deberán presenta-los seus regulamentos particulares, á F.G. de A., como mínimo 40 días antes da data prevista para o inicio da competición, e no que axuntarán plano/croques, con medición en metros entre obstáculos (conos,portas,...), do trazado do circuíto, para a súa conformidade e aprobación por parte da F.G. de A., ademais das aceptacións dos cargos polos oficiais das probas, debidamente licenciados.

1.4.- En cumprimento polo establecido polo Ministerio do Interior, axuntarase ó Regulamento Particular, plano/ruta de evacuación, de posibles feridos, así como plan de seguridade cando o trazado da proba saía do casco urbano, e ocupe estradas per-tinentes a Excmas. Deputacións, de réxime Estatal, ou Autonómico.

1.5.- O incumprimento dalgún/s artigo/s do Regulamento Particular, aprobado pola F.G. de A., será estudado pola Comisión da FGA, para o seu análise, e aplicación das normas que teña/an, con posterior traslado ó T.G.A. si houbese lugar.

**Artigo 2.- ASPIRANTES.**

Todos aqueles que cumpran cos requisitos sinalados no ANEXO I.

**Artigo 3.- VEHÍCULOS ADMITIDOS.**

3.1-Poderán participar toda clase de vehículos de turismo, con carrocería cerrada o teito duro, dun mínimo de dúas prazas e que estean homologados, ou non, que proveñan de series de fabricación. Os vehículos deberán posuír o certificado da Inspección Técnica de Vehículos (I.T.V.) en vigor, así como o seguro obrigatorio de Accidentes.

Vehículos específicos de competición: Construídos polos fabricantes de vehículos (Fórmulas, barquetas e turismos) con documentación, factura, ou ficha de homologación expedida polo constructor ou pola F.I.A.ó efecto.

A mesma suplirá a documentación ordinaria, e segundo a Lei de Circulación vixente, non será necesario (matriculación, seguro e I.T.V. de vehículo de Rallye), agás os autorizados pola Federación Galega de Automobilismo, denominados SCC, con motorización provinte dunha moto, e baixo a normativa de aplicación dictada e publicada pola Federación Galega de Automobilismo

